



Sección Sindical PSA-Peugeot-Citroën

REUNION

Dirección-Rep. do Comité 23/07/09

Hoxe xoves pola tarde, foi convocada pola Dirección unha representación sindical, onde se nos confirma o programa de peche das instalacións .

A Continuación a Dirección pregunta se hai algunha observación ó respecto. A **C.I.G.** faille unha relativa o vaciado no Sistema II , onde a partires das UEPs 7, 8 e 9 estase dicindo ó persoal que ten que prolongar a súa xornada laboral de xeito obrigatorio, ¿que hai de certo?

¡SORPRESA! A Dirección respóstanos que efectivamente, é de carácter obrigatorio, baseándose no Real Decreto 1561/1995, e o máis grave é, que din que sempre se fixo e que deron por enterado o Comité.

1ª Falta a verdade, nunca se fixo así, esta fábrica leva facendo coches 51 anos en consecuencia os mesmos nos que ante o período vacacional se vaciaron as liñas, e reiteramos NUNCA se fixo con carácter obrigatorio.

2ª Falta a verdade, a Dirección tiña que habelo acordado ou pactado co Comité de Empresa, e na reunión celebrada o pasado día 14, nada se dixo sobre o carácter obrigatorio, quizás porque alguén na Dirección poida entender que os sindicatos representados no Comité somos unha sombra que proxecta a Dirección, a **C.I.G.** ten luz propia.

En consecuencia, e con independencia dos compromisos que poidan ter adquiridos os traballadores/as para non poder prolongar a xornada de xeito voluntario, para **C.I.G.**, e unha vez consultados os Asesores, o non haber cumprido a Dirección coa súa obriga recollida nese Decreto Lei, non se pode **OBRIGAR A NADIE** a prolongar a xornada laboral.

Finalmente en canto á carta que nos fai chegar hoxe a Dirección a todo o persoal desexándonos unhas ¡¡felices vacacións!!.. simplemente engadir, que A **C.I.G.** agradece o xesto, pero ese desexo debera demostrarse na vida diaria no traballo, onde realmente fose posible, gañar o salario con cargas de traballo equilibradas... sen falsos Andóns... sen destrución da profesionalidade... etc. etc.

Saúde e felices vacacións

Confederación Intersindical Galega